

ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito. 	Busca información sobre un tema, selecciona a máis relevante, organiza e expón as conclusións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. 	Utiliza internet para elaborar os seus traballos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. 	Interpreta informacións de imaxes, táboas, gráficos, esquemas e resumos a través das TIC.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1. Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados. 	Esfórzas e por usar a terminoloxía axeitada aos temas traballados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos. 	Expón de forma oral algun aspecto concreto dun tema traballado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. 	Realiza presentacións en grupo seleccionando e organizando diferentes contidos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 	Colabora no traballo en grupo superando as diferencias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. 	Respecta as aportacións dos demais no traballo en grupo e achega a súa propia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos. 	Recoñece os dereitos humanos e os valores democráticos como base imprescindible de convivencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.7.1. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros 	Busca resolver os conflitos entre compañeiros de forma pacífica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.) 	Valora como necesarias as normas básicas de comportamento esixidas na familia, na escola e na comunidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos. 	Valora o diálogo como a mellor maneira de resolver un conflito.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.9.1. Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. 	Amosa confianza en si mesmo e iniciativa persoal ante as circunstancias que o rodean.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	Manifesta certa autonomía na toma de decisións que lle competen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas. 	Desenvolve actitudes de cooperación no traballo en equipo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades. 	Acepta responsabilidades persoais no traballo do grupo.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA	
▪ CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	Identifica os tipos de mapas máis utilizados e os signos convencionais que se utilizan neles.
▪ CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	Identifica os elementos principais que determinan o clima dun territorio.
▪ CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.	Nomea os principais paisaxes de España e de Europa e identifica as súas características.
▪ CSB2.4.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.	Localiza nun mapa de Europa os principais elementos do relevo.
▪ CSB2.4.2. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.	Recoñece as principais características e zonas no mapa de Europa.
▪ CSB2.5.1. Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	Explica a necesidade do uso responsable dos recursos naturais para conservar o noso planeta.
▪ CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	Explica que podemos facer cada un de nós para axudar a frear o cambio climático.
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	
▪ CSB3.1.1. Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.	Localiza os países que forman a unión europea e comprende o obxectivo global de facela máis forte.
▪ CSB3.1.2. Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.	Identifica a bandeira europea, recoñece o parlamento como os representantes dos países e a zona euro coma un mercado cunha moeda única.
▪ CSB3.2.1. Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.	Comprende o termo de poboación e os factores que inciden nela.
▪ CSB3.2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Interpreta unha pirámide de poboación.
▪ CSB3.3.1. Describe as principais características da poboación española e europea.	Describe algunha característica das poboacións española e europea.
▪ CSB3.3.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	Comprende como inflúen a natalidade e a esperanza de vida na evolución da poboación.
▪ CSB3.3.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	Comprende os factores que condicionan a distribución da poboación.
▪ CSB3.3.4. Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.	Compara gráficos de poboación entre España e Europa.
▪ CSB3.4.1. Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	Explica as causas dos movementos de poboación ás cidades e duns países a outros.
▪ CSB3.4.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	Explica que problemas supoñen a superpoboación, o envellecemento ou a inmigración masiva.
▪ CSB3.5.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	Clasifica as actividades máis coñecidas nos tres sectores económicos.
▪ CSB3.5.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes	Localiza algúns territorios españois moi relevantes en cada un dos sectores.
▪ CSB3.6.1. Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.	Recoñece a publicidade como un medio de convencer para consumir dando información parcial.

▪ CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles	Diferencia entre gasto necesario e capricho adaptando o seu presuposto.
▪ CSB3 7.2.Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.	Elabora un posible presuposto razoado cos seus aforros.
▪ CSB3.7.3.Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.	Prepara unha compra comparando prezos e calidade do produto.
▪ CSB3 8.1.Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.	Aporta ou recoñece as propostas dos demais para actividades emprendedoras.
▪ CSB3.9.1.Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.	Recoñece diferentes tipos de empresas.
▪ CSB3.9.2.Describe diversas formas de organización empresarial.	Identifica algunhas formas de organización empresarial asociada coas marcas coñecidas.
▪ CSB3.9.3.Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.	Comprende os termos económicos mais comunmente usados nos medios.
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO	
▪ CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria, identifica a idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.	Diferencia a prehistoria da historia e as diferentes idades desta cos acontecementos que marcan o inicio e fin.
▪ CSB4.2.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	Busca acontecementos históricos situados no tempo, no lugar e no momento histórico.
▪ CSB4.3.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.	Elabora unha liña do tempo para situar as idades e acontecementos.
▪ CSB4.3.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.	Situa acontecementos da historia de España no tempo e no espazo para comprender as características do momento.
▪ CSB4.3.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	Explica as principais características da forma de vida da sociedade de España en cada época histórica.
▪ CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos.	Situa os movementos artísticos e culturais coas persoas máis representativas nas sucesivas etapas históricas.
▪ CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.	Explica algúns acontecementos dos séculos anteriores que inflúen no noso presente.
▪ CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.	Comprende e explica o carácter democrático e plural da sociedade española e europea actual.
▪ CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Valora todo o patrimonio que nos deixaron e a responsabilidade de coidalo para o futuro.
▪ CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.	Valora a necesidade de conservar os restos históricos para coñecer o pasado.
▪ CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	Coñece as normas a seguir na visita dun museo ou restos do noso patrimonio.
▪ CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	Comprende o valor de coñecer e coidar o que nos deixaron os nosos antepasados.

